



O GRUPO EROSKI E A SÚA CLIENTELA CANALIZAN 200.000 EUROS PARA AXUDAR ÁS PERSOAS AFECTADAS POLOS TERREMOTOS DE VENEZUELA

- Os fondos canalizáronse mediante a Cruz Vermella Española para apoiar a resposta de emerxencia sobre o terreo.
- Ademais das doazóns que realizou a súa clientela, o Grupo EROSKI complementou a recadación cunha achega adicional.

Elorrio, 15 de xullo de 2026.– A campaña solidaria de emerxencia impulsada polo Grupo [EROSKI](#) para axudar ás persoas afectadas polos devastadores terremotos que se rexistraron en Venezuela permitiu recadar 200.000 euros, grazas ás doazóns que realizou a súa clientela e a unha achega adicional da cooperativa.

Os dous fortes terremotos que se rexistraron o pasado mes de xuño no centro-norte do país provocaron graves danos en vivendas, infraestruturas esenciais e servizos básicos, deixando miles de persoas nunha situación de extrema vulnerabilidade. Ante esta situación, o Grupo EROSKI activou unha campaña extraordinaria para que as persoas consumidoras puidesen realizar doazóns voluntarias, da cantidade que desexasen, ao pasar pola liña de caixas de calquera dos seus establecementos. Como en anteriores campañas solidarias, o Grupo EROSKI engadiu unha contribución adicional ao que se recadou mediante as achegas da clientela.

Estes fondos canalizáronse mediante a Cruz Vermella Española, que traballa sobre o terreo xunto coa Cruz Vermella Venezolana para atender as necesidades máis urxentes da poboación afectada, apoiando actuacións de aloxamento de emerxencia, atención sanitaria, acceso a auga potable, distribución de artigos de primeira necesidade e apoio psicosocial.

«A solidariedade que amosou unha vez máis a nosa clientela demostra o enorme compromiso das persoas que forman parte do Grupo EROSKI. Queremos agradecer sinceramente a súa resposta a este chamamento, que permitirá axudar a aliviar a difícil situación que sofren miles de familias afectadas por esta emerxencia. Tamén queremos agradecer á Cruz Vermella Española que fixese posible que toda a axuda chegue con

EROSKI: Dirección de Comunicación Corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

*rapidez ás persoas que máis a necesitan», afirmou **Alejandro Martínez Berriochoa, director de Saúde e Sustentabilidade do Grupo EROSKI e director xeral da Fundación EROSKI.***

*«Queremos agradecer ao Grupo EROSKI e a todas as persoas que participaron nesta campaña o seu apoio á poboación afectada polos terremotos de Venezuela. Grazas a esta colaboración, poderemos seguir a reforzar a resposta humanitaria e atender as necesidades máis urxentes das persoas que viron gravemente afectadas as súas vidas», afirmou **Jaime Gregori, director nacional de Captación, Alianzas e RS da Cruz Vermella Española.***

Esta iniciativa engádese ás campañas extraordinarias de emerxencia que o Grupo EROSKI, xunto coa súa clientela e a Fundación EROSKI, impulsa para responder a grandes catástrofes humanitarias e desastres naturais. Nos últimos anos, a cooperativa mobilizou axudas para emerxencias como a DANA en España, os terremotos de Turquía e Siria, as inundacións de Marrocos e Libia, a crise humanitaria de Ucraína e outras situacións de especial gravidade, reafirmando o seu compromiso coas persoas máis vulnerables.

Acerca do Grupo EROSKI

O Grupo EROSKI é un dos grupos de distribución líderes no norte do mercado español (desde Galicia ata Baleares) cunha cota de mercado do 12,32 % nesa zona. É líder no País Vasco, Navarra e Galicia, e colíder nas Illas Baleares. A súa rede comercial omnicanle, a finais do 2025, suma 1.508 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash & carry e supermercados en liña, ademais de ópticas, tendas de deportes e outras actividades non alimentarias. Ademais, conta con máis de 6 millóns de socios clientes e máis de 28.200 persoas no seu cadro de persoal, das cales máis de 8.300 son socias propietarias.